

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: AUTORIZACIÓN ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO PARA A INSTALACIÓN DE MÁQUINAS AUTOMÁTICAS EXPENDEDORAS DE BEBIDAS FRÍAS, QUENTES E PRODUTOS NON PERECEDOIROS NOS EDIFICIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS.

Sendo as 12:00 horas do día 19 de marzo de 2014, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma Sra. Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación, dona Sonia Méndez García, e actuando como vocais:

- Don Manuel Núñez López, Concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais.
- Dona Esther Muñoz Mella, polo Grupo municipal do P.S de Galicia-PSOE,
- Don Ángel Trabada Gomez polo grupo municipal do Partido Popular.
- Dona Paz Abraira Sobrado polo grupo municipal do BNG.
- Don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Xeral Municipal.
- Dona Ana Isabel Sáez Mancebo, Letrada Asesora da Asesoría Xurídica.
- Don Manuel Louzao Aldariz, Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento do Concello, actuando como secretario.

Asiste así mesmo don Antonio Carballo, da empresa SEREGA DE LUGO, S.L.

Abre a sesión a Sra. Presidenta e procédese por parte do Sr. Secretario a informar da documentación achegada pola empresa VENDING LUCUS, S.L., á cal se lle había concedido un prazo de tres días para a subsanación da solvencia económica, financeira e técnica, no referente á acreditación da experiencia na explotación deste tipo de máquinas durante polo menos os últimos tres anos.

A tal efecto, os membros da Mesa, á vista da documentación presentada, acordan non admitila, ao considerar que non subsana adecuadamente a citada solvencia posto que aínda admitindo a posibilidade de acreditación de solvencia técnica con medios externos, o licitador unicamente presenta o compromiso dunha persoa que acredita ter traballado para VENDING PEPE, S.L. e AUTOBAR SPAIN, S.A.U., sen que xustifique que esta persoa é o administrador ou responsable destas empresas, das cales tampouco se acredita o cumprimento da solvencia esixida no prego de cláusulas administrativas.

De seguido procédese á apertura dos sobres B), correspondentes ás ofertas económicas das empresas admitidas, sendo o seu resultado o seguinte:

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Refª: ACTA MESA CONTRATACION OFERTAS ECONOMICAS MAQUINAS VENDING

Asunto:

- SEREGA DE LUGO, S.L., presenta unha oferta por un importe total de 10.080 €, o que supón a cantidade de 420 € por máquina.
- GADISVEN, S.A., presenta unha oferta por un importe total de 6.001, o que supón a cantidade de 250 € por máquina.
- VENDING ARÁBICA, S.L. presenta unha oferta por un importe total de 10.800 €, o que supón a cantidade de 450 € por máquina.

Á vista do exposto, os membros da Mesa de Contratación, e tendo en conta que tódalas empresas presentaron declaración responsable de ofrecer a todo o persoal municipal que traballe en dependencias onde se instalen máquinas, un recipiente reutilizable, é polo que todas elas acadan un punto en dito apartado, o criterio que servirá para determinar a adxudicación é o prezo ofertado, polo que acordan por unanimidade dos seus membros, propoñer a adxudicación á empresa VENDING ARÁBICA, S.L., ao ser a que presenta a mellor oferta económica.

Sen máis que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 12:30 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo: Sonia Méndez García

Asdo: Manuel Louzao Aldariz

